

ANTE O INCUMPLIMENTO DOS COMPROMISOS DO 18 DE ABRIL SOBRE O ESTATUTO DOCENTE POR PARTE DO MEC, OS SINDICATOS DOCENTES ROMPEN AS NEGOCIACIÓNS E CONVOCAN MOVILIZACIÓNS.

Os sindicatos representativos do profesorado no ensino público, ANPE, FE-CCOO, FETE-UGT e CSI-CSIF, levamos moitos anos reivindicando un Estatuto que regule as nosas relacións laborais e as adapte ás novas realidades educativas, sociais e administrativas. No primeiro punto do Acordo Básico do 20 de Outubro, o Ministerio de Educación comprometeuse a consensuar este Estatuto. Dende entón, o MEC veu dilatando inxustamente o proceso de negociación.

O pasado 18 de Abril, no ámbito da Mesa Sectorial de Negociación, o representante do MEC asumiu unha serie de compromisos que houberan suposto o apoio, por parte das organizacións sindicais ó Estatuto Docente.

Sen embargo, o pasado 21 de Xuño, de novo na Mesa de Negociación, o Subsecretario de Educación, en representación do MEC, incumpriu os compromisos do 18 de Abril nos seguintes puntos:

- 1.- As xubilacións LOE non terán carácter permanente.**
- 2.- O tempo mínimo para promocional de un grao ó outro increméntase de 3 a 4 anos.**
- 3.- Rebáixanse significativamente as contías dos últimos graos respecto das comprometidas o 18 de Abril.**
- 4.- Presenta unha memoria económica, supostamente necesaria para abordar os incrementos económicos derivados do Estatuto Docente, totalmente insuficiente.**
- 5.- A vinculación da percepción do complemento de especial dedicación (60€) á aprobación do Estatuto Docente.**
- 6.- Unha proposta moi restrictiva na promoción dos corpos de grupo B a corpos do grupo A.**

Ante esta situación, as organizacións sindicais abaixo asinantes, entenden que se esgotou o proceso de negociación co Sr. Subsecretario do MEC e esiximos unha resposta urxente da Sra. Ministra de Educación, á que xa lle solicitamos unha entrevista urxente.

Estes sindicatos convocamos de forma unitaria concentracións e encerros dos nosos delegados e delegadas sindicais nas Delegacións e Subdelegacións do Goberno en tódolos ámbitos provinciais e autonómicos de todo o Estado para o martes, 26 de Xuño a partir das 12:00 horas.

Si a Sra. Ministra non dá unha resposta satisfactoria e non asume os compromisos alcanzados na Mesa Sectorial del 18 de Abril, os sindicatos continuaremos as mobilizacións durante o final deste curso e intensificarémolas no mes de Setembro, incluíndo paros para o inicio do próximo curso escolar.

A Coruña, 26 de Xuño de 2007.

ANPE

FE-CC.OO.

FETE-UGT

CSI-CSIF